

Túmulos prehistóricos no concello de Vilarmaior (A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Co traballo do concello de Vilarmaior (A Coruña) imos completando o estudo do fenómeno tumulario na zona do Baixo Eume. Ó igual que nos traballos anteriores, informamos do entorno e emprazamento dos túmulos, reflectindo cal é na actualidade a situación na que se encontran estes xacementos.

Abstract

With the work of the City Council of Vilarmaior (A Coruña) we will try to complete the study of the area of the Baixo Eume. As in previous works, we report you of the location and situation of the tombs, showing which is the situation currently in which are found those deposits.

I – INTRODUCCIÓN

Tras unha paréntese de dous anos no que nos dedicamos á investigación e localización de gravados rupestres na zona do Baixo Eume, retomamos de novo o mundo do megalitismo, esta vez centrado no estudo deste fenómeno no concello de Vilarmaior. Este traballo é unha continuación dos publicados pola nosa Asociación nos límites concellos de Monfero (2004) e Irixoa (2010)¹, e foi realizado simultaneamente ós traballos realizados sobre a arte rupestre deste concello durante os últimos anos.

Tamén convén sinalar que condicionados pola orografía do terreo centramos os nosos esforzos nos espazos máis favorables para a ubicación destes xacementos, dando como resultado que a maioría dos túmulos encóntranse na parte S/SL do concello.

II - SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Vilarmaior é un pequeno concello duns 30 km² que se sitúa na área xeográfica das Mariñas orientais. Na actualidade está dividido en seis parroquias: Santa María de Doroña, San Pedro de Grandal, San Pedro de Vilarmaior, San Xurxo de Torres, Santiago de Vilamateo e San Cristovo de Goimil; sendo esta última a única parroquia na que non localizamos nin referencias nin túmulos.

O seu clima pode englobarse no dominio oceánico-húmido propio da costa setentrional galega, cunha media anual de 12°C.

No aspecto litolóxico está composto por rochas de xistos, granitos gnéisicos e maioritariamente por granitos granulados de dúas micas.

As maiores altitudes do concello están na zona oriental, Catasol (440 m) e Seixo Grande (375 m).

* A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

¹ Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, «Túmulos prehistóricos no concello de Monfero», *Anuario Brigantino* 2004, nº 27, páxs. 11-36 e «Túmulos prehistóricos no concello de Irixoa (A Coruña)», *Anuario Brigantino* 2010, nº 33, páxs 11-26.




Fig. 1.- Plano de situación dos túmulos da parroquia de Grandal.

III-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

O termo municipal ten unha orografía con pequenas elevacións que ven marcada en certo modo polo paso dos ríos Baxoi, que atravesa o concello de L a O pola zona central, e o Lambre, ó S do concello mesmo onde fai linde co de Irixoa.

Para unha mellor comprensión do texto describiremos os túmulos atopados por parroquias de N a S.

Santa María de Doroña:

A parroquia está situada ó NO do concello e ten unha extensión de 5,52 km², nela tan so temos constancia dunha referencia a unha mámoa no linde desta parroquia coa de San Martín de Andrade (Pontedeume)²: ... *pasa al marco llamado de la Capilla, y desde éste pasa, limitando con otros dos llamados de los Castros, a terminar con la fuente de Aguiconde por la parte del Sur; y doblando al Levante sube a la **Modea del Sueiro** donde se atraviesa el camino real que va para la ciudad de Lugo y corre hasta la fuente dos Ameneiros...* Esta mámoa, que non foi localizada, estaría situada nunha zona cercana ó cruce da estrada CP-5005 (antigo camiño real que vai para Lugo, ó cal fai referencia o documento), coas estradas que van ó O cara Os Chaos, ó N a Cobes e ó S a igrexa de Doroña.

San Pedro de Grandal:

É a parroquia máis grande do concello cunha extensión 7,16 km², sitúase no NL do concello. Nela atopamos seis túmulos, dous no Alvite e catro no Monte de Catasol, que é a elevación máis alta do concello.

Grupo Alvite, situado na parte NL da parroquia. Foron localizados 2 túmulos moi preto do linde coa parroquia de Grandal e co concello de Pontedeume.

1) Alvite-1 (coordenadas UTM 570804 – 4804473, xeográficas 08° 07' 33,01" – 43° 23' 20,43"). Emprazamento (Emp.): Chaira. Altitude (Alt.): 347 m. Regato máis achegado a

² Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio sobre a parroquia de San Martín de Andrade (Pontedeume), folio 141-v, conservado en el ARG; DAVIÑA SÁINZ, SANTIAGO «Las parroquias de la Jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del Catastro de Ensenada», *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios* 2002, nº 9, pág. 192.



Foto 1.- Mámoa «Alvite-1».

(Reg.): 150 m. Substrato xeolóxico (Subst.): Granito de dúas micas moi deformado. Terreo dedicado a (Terr.): Monte baixo. Medidas (Med.): 22 m de Ø e unha altura que vai dende 1 m polo N ata 0,50 polo S; burato de violación 4 m. de Ø x 0,20 de profundidade. Estado de conservación (Est.): Bo. (Foto 1).

2) Alvite-2 (coordenadas UTM 570735 – 4804428, xeográficas 08° 07'36,09" – 43° 23'18,99"). Emp.: Chaira. Alt.: 348 m. Reg.: 200 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 20 m de Ø x 1 m de alto; burato de violación 4 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Bo.

3) Catasol-1 (coordenadas UTM 572464 – 4804112, xeográficas 08° 06'19,41" – 43° 23'08,16"). Emp.: Ladeira. Alt.: 416 m. Reg.: 280 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 18 m de N-S x 20 L-O e unha altura que oscila entre os 1-1,20 m polo N e O e 0,60 polo L; burato de 3 m de Ø x 0,50 de profundidade. Est.: Regular. Pódese ollar a cabeza dun posible esteo de granito.

4) Catasol-2 (coordenadas UTM 572732 – 4800059, xeográficas 08° 06'07,51" – 43° 23'07,19"). Emp.: Chaira. Alt.: 422 m. Reg.: 370 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Dentro dunha explotación gandeira o terreo está dedicado a arborado de repoboación e pasteiro. Med: 20 m de Ø e unha altura que oscila entre 1 m polo N a 0,60 polo S. Non presenta burato de violación. Est.: Bo a pesares de que o terreo foi roturado nos últimos anos. (Foto 2).

5) Catasol-3 (coordenadas UTM 572702 – 4804079, xeográficas 08° 06'08,85" – 43° 23'07"). Emp.: Chaira. Alt.: 422 m. Reg.: 370 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco



Foto 2.- Mámoa «Catasol-2».

deformados. Terr.: Dentro dunha explotación gandeira o terreo está dedicado a arborado de repoboación e pasteiro. Med: 16 m N-S x 14 L-O x 0,60 de alto. Non presenta burato de violación. Est.: Bo a pesares de que o terreo foi roturado nos últimos anos.

6) Catasol-4 (coordenadas UTM 572902 – 4803904, xeográficas 08° 06'00,04" – 43° 23'01,26"). Emp.: Cume. Alt.: 435 m. Reg.: 500 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 16 m de Ø x 0,50 de alto; burato de 2 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Malo, a masa tumular está moi alterada polas labores forestais e está atravesada por un valo de pedras que serve de linde de fincas en dirección SO a NL.

San Pedro de Vilarmaior:

Ten unha extensión de 5,51 km² e sitúase na parte central do concello. Nela non atopamos ningún túmulo, sen embargo localizamos dúas referencias no linde desta parroquia coas de Trasdoroña e Callobre (concello de Miño): no linde con Trasdoroña³... *principiando, por la parte/ del Poniente, comun marco llamado Canzelo/, siguiendo al dela piedra picada, de este/ al dela Medoña, de este al dela/ fuente dela Costa dos Valiños...*, e co linde de Callobre⁴ ...*al puerto de Monduris/ de ese al dela fuente Zerdeiras, de este a/ lafuente Danta, de este ala Cruz de Roque...*

³ Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio sobre a parroquia de San Pedro de Vilarmaior, rolo 6, libro 161, folio 4298-v, conservado en el ARG.

⁴ Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio sobre a parroquia de San Pedro de Vilarmaior, rolo 6, libro 161, folio 4299-r, conservado en el ARG.

San Xurxo de Torres:

Situada na zona S do concello con orientación L-O, ten unha extensión de 4,26 km². É, sen dúbida, a parroquia máis interesante do concello, porque nela atopamos a maior cantidade de túmulos. Ata o momento localizamos 24, repartidos en pequenos grupos: dous no Seixo, catro na zona de Poza Grande – Revolta Pequena, trece no Monte Grande (non se deben considerar coma un único grupo, senón que se trata de pequenos grupos dentro do monte comunal coñecido por este nome), dous na Chousa do Campo, dous en Belsar e outros tres na zona de Pataqueiras (grupo este que ten a súa continuidade con outros tres túmulos na parroquia de Vilamateo).

7) O Seixo-1 (coordenadas UTM 573528 – 4800078, xeográficas 08° 05'34,07" – 43° 20'57,04"). Emp.: Ladeira. Alt.: 362 m. Reg.: 260 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 21 m. NL-SO x 11 m L-O x 1,6 de alto. Est.: Malo; falta a metade da masa tumular que foi cortada de SO a NL para facer o pasteiro onde se sitúa o túmulo.

8) O Seixo-2 (coordenadas UTM 573487 – 4800052, xeográficas 08° 05'35,91" – 43° 20'56,21"). Emp.: Chaira. Alt.: 360 m. Reg.: 280 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Pasteiro. Med: 17 m de Ø x 0,40 de alto. Est.: Moi malo, está moi achaiado polas labores agrícolas.

9) Poza Grande-1 (coordenadas UTM 573307 – 4800106, xeográficas 08° 05'43,87" – 43° 20'58,02"). Emp.: Cume. Alt.: 371 m. Reg.: 410 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 23 m de Ø x 1 de alto; burato de violación de 8 m N-S x 7 L-O x 0,80 de profundidade. Est.: Malo, pola forte violación.

10) Poza Grande-2 (coordenadas UTM 573257 – 4800070, xeográficas 08° 05'46,11" – 43° 20'56,87"). Emp.: Ladeira. Alt.: 369 m. Reg.: 350 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 11 m de Ø x 0,50 de alto; non presenta burato de violación. Est.: Malo, está moi achaiado polas labores agrícolas.

11) Poza Grande-3 (coordenadas UTM 573244 – 4800106, xeográficas 08° 05'46,67" – 43° 20'58,04"). Emp.: Cume. Alt.: 371 m. Reg.: 350 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Deforestado na actualidade. Med: 16 m N-S x 10 L-O x 0,40 de alto; burato de violación de 6 m N-S x 10 L-O x 0,30 de profundidade. Est.: Malo, está achaiado e cortado ó O por un valo de pedras en dirección N-S que serve de linde de fincas.

12) Revolta Pequena (coordenadas UTM 573169 – 4800059, xeográficas 08° 05'50,03" – 43° 20'56,55"). Emp.: Chaira. Alt.: 364 m. Reg.: 550 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco




Fig. 2.- Plano de situación dos túmulos da parroquia de Torres.

deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 14 m de Ø x 0,40 de alto; non presenta burato de violación. Est.: Malo. Está achaiado polas labores agrícolas.

13) Monte Grande-1 (coordenadas UTM 573223 – 4799931, xeográficas 08° 05' 47,69" – 43° 20' 52,38"). Emp.: Cume. Alt.: 371 m. Reg.: 550 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 28 m N-S x 25 L-O x 2 de alto; burato de violación de 5,50 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Bo.

14) Monte Grande-2 (coordenadas UTM 573287 – 4799884, xeográficas 08° 05' 44,87" – 43° 20' 50,83"). Emp.: Ladeira. Alt.: 366 m. Reg.: 450 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 22 m NO-SL x 16 m de L-O x 1 de alto. Est.: Malo, está cortado case á metade (polo N e O) por un cortalumes. (Foto 3).

15) Monte Grande-3 (coordenadas UTM 573293 – 4799809, xeográficas 08° 05' 44,64" – 43° 20' 48' 40"). Emp.: Cume. Alt.: 372 m. Reg.: 450 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados Terr.: Arborado de repoboación. Med: 21 m de Ø x 1,70 de alto; burato de 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo. (Foto 4).

16) Monte Grande-4 (coordenadas UTM 573133 – 4799772, xeográficas 08° 05' 51,76" – 43° 20' 47,26"). Emp.: Chaira. Alt.: 361 m. Reg.: 480 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 20 m N-S x 19 L-O x 1,50 de alto; burato de 5,50 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Bo.

17) Monte Grande-5 (coordenadas UTM 573011 – 4799753, xeográficas 08° 05' 57,19" – 43° 20' 46,68"). Emp.: Chaira. Alt.: 359 m. Reg.: 360 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 19 m de Ø x 1,20 de alto; burato de 4 m de Ø x 0,60 de profundidade. Est.: Bo.

18) Monte Grande-6 (coordenadas UTM 572968 – 4799729, xeográficas 08° 05' 59,11" – 43° 20' 45,92"). Emp.: Chaira. Alt.: 358 m. Reg.: 320 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 10 m de Ø x 0,40 de alto; non presenta burato de violación. Est.: Moi malo, está practicamente achaiado.

19) Monte Grande-7 (coordenadas UTM 572643 – 4799619, xeográficas 08° 05' 13,60" – 43° 20' 42,47"). Emp.: Chaira. Alt.: 330 m. Reg.: 190 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 7 m de N-S x 14 L-O x 0,80 de alto. Est.: Malo, falta a metade da masa tumular que foi cortada ó S por unha pista forestal.

20) Monte Grande-8 (coordenadas UTM 572528 – 4799583, xeográficas 08° 06' 18,72" – 43° 20' 41,34"). Emp.: Chaira. Alt.: 324 m. Reg.: 190 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 15 m de N-S x 14 L-O x 1 de alto; burato de violación de 3 m N-S x 4 L-O x 0,70 de profundidade. Est.: Malo, masa tumular que foi recortada ó N, S e L pola mesma pista forestal que o túmulo anterior e por un cortalumes. (Foto 5).

21) Monte Grande-9 (coordenadas UTM 572376 – 4799643, xeográficas 08° 06' 25,44" – 43° 20' 43,34"). Emp.: Chaira. Alt.: 316 m. Reg.: 160 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 10 m N-S x 15,50 L-O x 1 de alto; burato de 1,5 m N-S x 3 L-O x 0,40 de profundidade. Est.: Malo, falta a metade da masa tumular que foi cortada ó N pola mesma pista forestal que os túmulos anteriores.

22) Monte Grande-10 (coordenadas UTM 572339 – 4799706, xeográficas 08° 06' 27,06" – 43° 20' 45,40"). Emp.: Chaira. Alt.: 316 m. Reg.: 120 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 15 m de Ø x 0,80 de alto; burato de violación de 4 m L-O x 3 N-S x 0,20 de profundidade. Est.: Bo, a pesares de que o seu redor está sendo empregado coma verquedoiro.



Foto 3.- Mâmoa do Monte Grande-2.

Foto 4.- Mâmoa do Monte Grande-3.





Foto 5.- Mámoa do Monte Grande-8.

23) Monte Grande-11 (coordenadas UTM 572324–4799585, xeográficas 08° 06'27,78" – 43° 20'41,48"). Emp.: Ladeira. Alt.: 311 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 16 m de Ø e unha altura que oscila dende N (case plana) ata o S (case 1 m); burato de 3 m de Ø x 0,60 de profundidade. Est.: Malo, está moi alterado sobre todo polo N.

24) Monte Grande-12 (coordenadas UTM 572431 – 4799485, xeográficas 08° 06'23,08" – 43° 20'38,20"). Emp.: Chaira. Alt.: 318 m. Reg.: 300 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 15 m de N-S x 16 L-O x 0,80 de altura polo S e entre 0,40 a 0,60 polo resto do túmulo. Non presenta burato de violación. Est.: Bo, a pesares de estar cortado ó N por unha saca de pedras.

25) Monte Grande-13 (coordenadas UTM 572297 – 4799303, xeográficas 08° 06'29,11" – 43° 20'32,35"). Emp.: Ladeira. Alt.: 302 m. Reg.: 300 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 19 m. N-S x 18 L-O x 0,80 de alto; burato de violación de 4 m de Ø e 0,40 de profundidade. Est.: Bo, pódese ollar un posible esteo de granito de 0,60 m de longo orientado N-S.

26) Belsar-1 (coordenadas UTM 571027 – 4799738, xeográficas 08° 07'25,31" – 43° 20'46,88"). Emp.: Ladeira. Alt.: 296 m. Reg.: 270 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 16,5 m de Ø e unha altura que vai dende os 0,30 m polo N ata 0,80 polo L; burato de violación de 4 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Regular.

27) Belsar-2 (coordenadas UTM 571004 – 4799728, xeográficas 08° 07'26,33" – 43° 20'46,57"). Emp.: Ladeira. Alt.: 297 m. Reg.: 260 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 11 m de Ø x 0,30 de altura; burato de violación de 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Malo, está moi alterado.

28) Pataqueiras-1 (coordenadas UTM 573888 – 4799346, xeográficas 08° 05'18,44" – 43° 20'33,18"). Emp.: Chaira. Alt.: 324 m. Reg.: 300 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Pasteiro. Med: 16 m de Ø x 0,30 de altura. Est.: Moi malo, está achaiado polas labores agrícolas.

29) Pataqueiras-2 (coordenadas UTM 573914 – 4799318, xeográficas 08° 05'17,30" – 43° 20'32,27"). Emp.: Chaira. Alt.: 323 m. Reg.: 350 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 9 m de N-S x 9 L-O x 1 de altura; burato de violación 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Moi Malo, está cortado á metade por unha estrada ó O, e por un vello camiño polo S.

30) Pataqueiras-3 (coordenadas UTM 573791 – 4799190, xeográficas 08° 05'22,82" – 43° 29'28,16"). Emp.: Ladeira. Alt.: 311 m. Reg.: 310 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 12,5 m de Ø e unha altura que oscila entre 0,60 polo S e L a 0,20 polo N e O. Est.: Malo, está moi alterado polas labores agrícolas.

Santiago de Vilamateo:

Ten unha extensión de 5,5 km² e, xunto coa parroquia de Torres, está situada na zona S do concello, dende o L a O. Nela localizamos dez túmulos: tres na zona de Pataqueiras, que son a continuación dos xa nomeados na parroquia de Torres, dous na Chousa do Campo, dous na Chousa do Monte, e outros tres túmulos soltos no Serrón, Cotela e Regueiro.

31) Pataqueiras-4 (coordenadas UTM 573639 – 4799040, xeográficas 08° 05'29,65" – 43° 20'23,35"). Emp.: Chaira. Alt.: 303 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Monte baixo Med: 16,5 m de Ø x 0,80 de altura; burato de 3,50 m de N-S x 4,50 L-O x 0,40 de profundidade. Est. Regular.

32) Pataqueiras-5 (coordenadas UTM 573532 – 4798878, xeográficas 08° 05'34,47" – 43° 20'18,14"). Emp.: Chaira. Alt.: 299 m. Reg.: 220 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 16 m de N-S x 15 L-O x 0,60 de altura; burato de 3 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular.

33) Pataqueiras-6 (coordenadas UTM 573470 – 4798839, xeográficas 08° 05'37,25" – 43° 20'16,90"). Emp.: Chaira. Alt.: 297 m. Reg.: 240 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 16 m N-S x 17 L-O x 0,80 de alto; burato



Fig. 3.- Plano de situación dos túmulos da parroquia de Vilamateo.



Foto 6.- Mátmoa das Pataqueiras-6.

de violación de 3 m N-S x 4 L-O x 0,30 de profundidade. Est.: Malo, a masa tumular foi alterada este mesmo ano para unha repoboación forestal e está atravesada de L-O por un valo de pedras que serve de linde de fincas. (Fotos 6 e 7).

34) Serrón (coordenadas UTM 572588 – 4799012, xeográficas 08° 06'16,33" – 43° 20'22,82") Emp.: Ladeira. Alt.: 290 m. Reg.: 550 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 15 m N-S x 12 L-O x 0,50 de alto; burato de violación de 2 m de Ø x 0,30 e profundidade. Est.: Malo, está achaiado, pódese ver a coiraza de granito.

35) Cotela (coordenadas UTM 572386 – 4798898, xeográficas 08° 06'25,35" – 43° 20'19,19"). Emp.: Chaira. Alt.: 283 m. Reg.: 75 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado e monte baixo. Med.: 16 m N-S x 15 L-O e unha altura de 0,60 m por todo o túmulo agás ó N onde no levanta máis de 0,40 m; burato de 3 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular, esta moi alterado.

36) Chousa do Campo-1 (coordenadas UTM 572029 – 4799011, xeográficas 08° 06'41,15" – 43° 20'22,98"). Emp.: Chaira. Alt.: 278 m. Reg.: 215 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 14 m de Ø e unha altura de 0,60 m polo L e 0,40 polo resto do túmulo. Est.: Regular.

37) Chousa do Campo-2 (coordenadas UTM 572045 – 4798986, xeográficas 08° 06'40,45" – 43° 20'22,16"). Emp.: Chaira. Alt.: 277 m. Reg.: 180 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 13 m de N-S x 16 L-O e unha altura que vai dende 0,80 m polo N a 0,40 polo L; burato de 3 m N-S x 3,50 L-O x 0,50 de profundidade. Est.: Malo, está atravesado de N a O pola gabia dun antigo camiño.

38) Regueiro (coordenadas UTM 572095 – 4798890, xeográficas 08° 06' 38,28" – 43° 20' 19,03"). Emp.: Chaira. Alt.: 275 m. Reg.: 70 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 23 m N-S x 21 L-O e unha altura que oscila entre 1,3 m polo N ata os 2 m polo L; burato de violación de 4 m N-S x 6 L-O e 0,60 m de profundidade. Est.: Bo.

39) Chousa do Monte-1 (coordenadas UTM 571940 – 4798812, xeográficas 08° 06' 45,20" – 43° 20' 16,56"). Emp.: Chaira. Alt.: 275 m. Reg.: 235 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 14 m de Ø x 0,40 de altura; burato de 2,5 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Malo, está moi achaiado.

40) Chousa do Monte-2 (coordenadas UTM 571944 – 4798808, xeográficas 08° 06' 45,02" – 43° 20' 16,42"). Emp.: Chaira. Alt.: 275 m. Reg.: 235 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 14 m de Ø x 0,50 de altura; burato de 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Malo, está moi achaiado.

CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Durante este traballo foron localizados 40 túmulos, máis temos referencias bibliográficas doutros tres, e con seguridade aparecerán máis, xa que quedan amplas zonas do concello que non foron prospectadas.

Dende o punto de vista xeográfico: o emprazamento maioritario destes xacementos tende a situarse nas zonas chairas (60 % - 24 túmulos) seguidos polos emprazamentos en ladeira (28% - 11 túmulos) e por último os situados en cume (13% - 5 túmulos).

En canto á altitude, 14 deles aparecen nas cotas de 345 a 375 m (35%), 11 nas cotas 300 a 330 (28%), mentres que 11 (case todos na parroquia de Vilamateo) sitúanse en cotas máis baixas de 275 a 300 m (27%), os 4 túmulos restantes, todos eles na parroquia de Grandal sitúanse nas cotas máis altas 416 a 435 m.(10%).

En referencia á relación dos túmulos cos cursos de auga, vemos que a maioría deles están situados a unha distancia de entre 70 a 250 m (40% - 16 túmulos), entre 250 – 450 m (42% - 17 túmulos) e entre os 450 a 550 m (18% - 7 túmulos).

Ó respecto do substrato xeolóxico sobre o que se asentán os túmulos, encontramos tan só dous deles, os situados máis ó N na parroquia de Dorofña, en terreo de granito de dúas micas moi deformado; mentras que a gran maioría (95% - 38 túmulos) sitúanse en terreo de granito de dúas micas pouco deformado. Se ben este substrato xeolóxico ocupa máis da metade do concello, non debemos chegar á conclusión errónea de que é o substrato idóneo para o asentamento destes xacementos, xa que na parroquia de Vilarmaior que ocupa un 20% do concello, o substrato predominante é cuarzoesquistos e esquistos e nela sería onde se asentarían os túmulos das dúas referencias bibliográficas que non foron atopados.

En canto ás consideracións propias destes xacementos podemos dicir que o 60% (24 túmulos) miden como mínimo nun dos seus eixos entre 14 e 19 m, un 28% (11 túmulos) entre 20 e 28 m, e tan só un 12% (5 túmulos) teñen unha media inferior ós 13 m.

En canto á altura, nestes momentos a maioría dos túmulos (48% - 19 túmulos) teñen unha altura de entre 0,80 a 1 m; o 40% (16 túmulos) están moi achaiados e non conservan unha altura superior ós 0,60 m, mentres que o 12% (5 túmulos) conservan unha altura superior ó 1,20; sendo o nº 13 o máis grande dos ata o de agora localizados, con 2 m de altura e 28 m no seu eixo N-S.



Foto 7.- Mámooa das Pataqueiras-2.



Foto 8.- Mámooa das Pataqueiras-6.

Queremos salientar tamén que os dous túmulos do grupo de Chousa do Monte (Vilamateo) encóntranse a tan so 16 m ó N dos gravados rupestres de Chousa do Monte-1⁵; e os dous do grupo de Belsar (Torres) a 145 m ó S dos gravados de Fontevella⁶ e a menos de 300 ó N do Castro de Torres.

En canto a acción da man do home, a maioría deles presentan burato de violación, e os que non o presentan é por encontrarse moi achaiados polas labores agrícolas. Cabe tamén salientar que moitos destes xacementos serven na actualidade como lindes de fincas, e catro deles están atravesados por valos de pedras, mentres que a seis fáltalles a metade da masa tumular ó estar cortados por pistas forestais (tres deles no Monte Grande pola mesma pista), estradas, camiños e cortalumes.

Non queremos deixar pasar a ocasión para dar unha chamada de atención ás administracións competentes na protección do patrimonio arqueolóxico, xa que nas últimas datas unha maior actividade forestal realizada con maquinaria pesada nesta zona está a poñer en perigo estes xacementos (Fotos 7 e 8). E en maior medida, se cabe, os gravados rupestres, dos que xa temos que lamentar a perda por este tipo de actividades de parte dos localizados nos últimos anos no grupo de Chousa da Peneda⁷ na parroquia de Vilamateo.

⁵ G.A.T.T., «Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo – Concello de Vilarmaior-(I)», *Anuario Brigantino* 2009, nº 32, páx. 23.

⁶ G.A.T.T., «O monte da Calvela: unha estación rupestre singular no concello de Vilarmaior», *Anuario Brigantino* 2008, nº 31, páx. 14.

⁷ G.A.T.T., «Novos gravados rupestres nas parroquias de Vilarmaior, Torres e Vilamateo – Concello de Vilarmaior- (II)», *Anuario Brigantino* 2011, nº 34, páxs. 37-38.